



En relación coa solicitude de extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III e IV”, LU-3090, de titularidade dos veciños da parroquia de Cubilledo, no Concello de Baleira (Lugo), Resolvo o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- O 10.05.1957 aprobouse o consorcio do monte “Serra do Pozo I, III e IV”, LU-3090, subscrito entre o Patrimonio Forestal do Estado e o Concello de Baleira, en representación dos veciños da parroquia de Cubilledo, para unha superficie de 225 ha. Non obstante, a superficie actual do consorcio é de 24,00 ha repoboadas na súa totalidade, logo de que parte da superficie do consorcio se vise afectada pola transformación dos convenios 2715568, 2715572 e 2715649.

2º.- De acordo cos estudos realizado polo Servizo de Montes de Lugo, a totalidade da superficie deste consorcio está afectada pola concentración parcelaria de Librán, en Baleira, Lugo.

53.- O 08.03.2016 este servizo envía á D.X. de Ordenación e Produción Forestal a proposta de finalización do consorcio “Serra do Pozo I, III y IV”, LU-3090, condicionada ao pagamento da cantidade adebedada polos propietarios.

4º.- O 26/04/2016 o Director Xeral de Ordenación Forestal propuxo que se declarase a extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III e IV”.

5º.- O 14.10.2016 o xefe do Servizo de Xestión Forestal devolve a este servizo a proposta enviada o 08.03.2016 coa finalidade de que se aplique o contido da circular 2/2016.

6º.- O 25.10.2016 en cumprimento da circular 2/2016, requíreselle a Dna. Divina González Valdeiglesias, en calidade de representante dos solicitantes, o pagamento da cantidade adebedada para a finalización do consorcio.

7º.- O 13.03.2017 este servizo solíctalle ao Servizo de Infraestruturas Agrarias un certificado coa finalidade de estudar a posibilidade de aplicar ao consorcio “Serra do Pozo I, III y IV”, LU-3090, o disposto na Lei 2/2017. Nesa solicitude indicábase que no certificado deberíase indicar se as parcelas relacionadas:

-“Contan cun acordo de concentración parcelaria firme. En caso afirmativo indicar a súa data.

- Se consta expresamente na inscrición dos títulos de concentración parcelaria no rexistro da propiedade que os predios se atopan libres de cargas”.

8º.- O 31.03.2017 o Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo informou que a zona de concentración parcelaria de Librán, en Baleira, conta cun acordo de concentración parcelaria firme de data 23/03/2012. Así mesmo, informou que en ningunha das parcelas que están situadas dentro do perímetro do consorcio “Serra do Pozo I, III e IV” constan cargas referidas a existencia de consorcios coa Administración.





9º.- O 04.04.2017 o xefe do Servizo de Montes de Lugo propuxo que se declarase a extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III e IV”, así como a doutros dous (“Outeiro de Murias” e “Pruida e Fontangordo”) que se atopaban na mesma situación, ao contar as parcelas inxeridas total ou parcialmente nos ámbitos delimitados con acordos de concentración parcelaria firmes. Así mesmo, propuxo que se dese por liquidado os saldos debedores dos consorcios, xa que as parcelas resultantes dos procesos de concentración parcelaria atópanse libres de cargas en relación con eles.

10º.- O 10.05.2017 o letrado da Xunta de Galicia emitiu un informe favorable á extinción do consorcio, condicionado a que se acreditase que na inscrición dos títulos de concentración no Rexistro da Propiedade conta expresamente que as parcelas atópanse libres de cargas.

11º.- O 18.09.2017 o Servizo de Montes de Lugo reiterou a súa proposta de extinción, achegando copias simples informativas emitidas polo Rexistro da Propiedade en relación coas parcelas inseridas no consorcio do monte “Serra do Pozo I, III e IV”, no que consta que se atopan libres de calquera carga relacionada co consorcio.

12º.- O 19.05.2017 o xefe do Servizo de Xestión Forestal achega o informe do letrado da Xunta de Galicia, D. Antonio Miño López, en relación co expediente de extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III y IV”, LU-3090. Neste informe indícase entre outras consideracións que para que proceda a extinción do convenio precísase:

- “1. Que as superficies contén cun acordo de concentración parcelaria firme.
2. Que as fincas estean libre de cargas.
3. Que na inscrición dos títulos de concentración no Rexistro da Propiedade conste expresamente que as fincas se atopan libres de cargas.

En vista de tódolos antecedentes que obran no expediente administrativo, a Asesoría Xurídica entende que na proposta presenta polos servizos provinciais e/ou pola Dirección Xeral, deberá acreditarse a concorrencia dos tres extremos sinalados. En particular, do terceiro (inscrición ‘libre de cargas’). Emítese informe favorable á extinción, condicionado a que se inclúa a triple acreditación.”

13º.- O 26.01.2018 solicítase ao Servizo de Infraestruturas Agrarias un certificado da existencia de cargas para a extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III y IV”, LU-3090 a raíz da entrada en vigor da Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 245 do 28.12.2017): “Entenderanse extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición dos títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerarase liquidado”. Esta última modificación da Lei 2/2017 permite a xustificación das cargas mediante a protocolización da acta de reorganización da propiedade.

14º.- O 30.01.2018 o Servizo de Infraestruturas Agrarias de Lugo emite un certificado en relación coas parcelas incluídas no consorcio “Serra do Pozo I, III y IV”, LU-3090, no que indica que:





- “A zona de Concentración Parcelaria para Librán (Baleira - Lugo) conta cun acordo de concentración parcelaria firme de data 23.03.2012.
- No Acta de Reorganización da propiedade da Zona de Concentración Parcelaria de LIBRÁN (Baleira) autorizada pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural con data 03.05.2012 e protocolizada polo Notario de A Fonsagrada D. Carlos Antonio Doval Grande con data 24.05.2012, núm. 280 do seu protocolo, recóllense as follas de características dos títulos de propiedade correspondentes ás leiras de remprazo resultantes deste proceso concentrador. No que ao particular interesa, as leira núm. 226, resultante deste proceso concentrador, consta que “Da investigación efectuada no expediente non resulta a existencia de ningunha carga real que se deba trasladar a esta leira”:
- No que ao particular interesa as fincas que se relacionan contan coas seguintes cargas:
 - o Finca número 211 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 212 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 213 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho e dunha servidume de paso permanente dunha lonxitude aproximada de 57 metros e 4 metros de ancho para acceso a un depósito de auga”.
 - o Finca número 214 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 215 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 216 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 217 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho e está gravada cun dereito de usufruto vitalicio a favor de Dolores Riveiro Álvarez”.
 - o Finca número 218 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho e está gravada cun dereito de usufruto vitalicio a favor de Genera Otero Seoane”.
 - o Finca número 219 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
 - o Finca número 220 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.





- o Finca número 221 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
- o Finca número 222 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
- o Finca número 223 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho e está gravada cun dereito de usufruto vitalicio a favor de Emérita López Pardo”.
- o Finca número 224 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho”.
- o Finca número 225 “Atópase gravada cunha serventía de paso permanente de 5 metros de ancho. Sinálase tamén que nesta finca existe unha fonte da que sae unha condución soterrada de auga”.

Todo o certifico a pedimento do Servizo de Montes da Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo, aos efectos previstos na disposición transitoria cuarta da lei 9/2017 do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas, en relación co Consorcio LU-3090 “Serra do Pozo I, III y IV”, (Baleira). Expediente 29/2015”.

15º.- O 18.06.2018 o letrado da Xunta de Galicia, D. Antonio López Miño emite informe, en relación co expediente de extinción do consorcio LU-3090 “Serra do Pozo I, III y IV”. Neste informe reitéranse as tres condicións que se precisan para que proceda a extinción dun consorcio. O sentido do informe é favorable á extinción, condicionado a que se inclúa a triple acreditación dos tres extremos. No informe recóllese, ademáis, que na protocolización da acta de reorganización da propiedade consta que os predios se atopan libres de cargas con relación al consorcio.

16º.- O 18.06.2018 o director xeral de Ordenación Forestal propuxo novamente a extinción do consorcio.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1º.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do estatuto de autonomía de Galicia, establece no seu artigo 27 que á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a competencia exclusiva en materia de montes.

2º.- O artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e o seu Presidente, confire aos conselleiros as atribucións relativas aos contratos de asuntos propios da súa consellería. Polo tanto o órgano competente para ditar esta resolución é a consellería do Medio Rural, e por delegación a Secretaria Xeral Técnica en virtude da Orden do 17 de novembro de 2015 (DOG 23.11.2015, núm. 223).

3º.- De acordo co apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, entenderanse extinguidos, sen mais trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na inscrición dos





títulos de concentración no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerárase liquidado.

4º A Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas sinala na súa disposición transitoria cuarta que se entenderán extinguidos, sen máis trámite, os convenios e consorcios existentes en superficies que contén cun acordo de concentración parcelaria firme. No caso de que na protocolización da acta de reorganización da propiedade ou na inscrición no rexistro da propiedade conste expresamente que os predios se atopan libres de cargas, o saldo debedor do convenio ou consorcio coa Comunidade Autónoma considerárase liquidado.

5º Coa documentación que consta no expediente considerase suficientemente acreditada a concorrencia dos tres extremos sinalados no apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, e polo tanto cumprida a condición do informe do asesor de incluír a triple acreditación no expediente.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Ordenación Forestal,

RESOLVO:

1º.- Que, ao abeiro do apartado 8 da disposición transitoria novena da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, se declare a extinción do consorcio “Serra do Pozo I, III e IV”, LU-3090, de titularidade dos veciños da parroquia de Cubilledo, no concello de Baleira (Lugo).

2º.- Que se dea por liquidado o saldo debedor do consorcio, xa que as parcelas resultantes do proceso de concentración parcelaria atópanse libres de cargas en relación con eles.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de reposición con carácter potestativo ante a Consellería do Medio Rural no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente o recurso Contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, prazos que comezarán a contar a partir do día seguinte ó da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 114 e 123 e na disposición transitoria 3ª da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso- administrativa.

Santiago de Compostela,
Conselleira do Medio Rural
P.D. (Orde do 17/11/15, DOG núm. 223, do 23 de novembro)
Secretaría xeral técnica
(asinado dixitalmente)

Mª del Carmen Bouso Montero

